

PREGUNTA DE AER RELATIVO AO TRÁFICO NA RÚA PAI CRESPO.(Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349).

PLENO 28 XUÑO DE 2017. ACTA 07/2017

“A rúa Pai Crespo, de carácter semipeonil, contaba cuns bolardos que regulaban o acceso aos residentes que precisan acceder aos seus aparcadoiros, que na actualidade atópanse inutilizados. Observamos que pola zona, aparte dos residentes, numerosos vehículos esquivan transitar pola estrada principal para atallar e chegar á zona da Farola cuns segundos de antelación.

Coñece o goberno local esta circunstancia e ten algunha planificación para darlle solución a esta situación?”

O sr. Gonzalez Barbeiro sinala que son coñecedores da problemática e clarexa que esa rúa non é utilizada como rúa alternativa, son usuarios desa zona os que fan uso dela pero non se aforra tempo e a velocidade a que se pode transitar e moi inferior a principal.